

Fases nun proxecto RAS



CREANDO REDE DE AXUDA. FASE 1. DETECCIÓN DE NECESIDADES

PASO 1. CHOIVA DE IDEAS SOBRE NECESIDADES DETECTADAS

- » Compartide as necesidades que detectades relacionadas con 3 grandes áreas: Estudos, Convivencia e Dinamización do centro.
- » Ide apuntando as vosas ideas no encerado e en post-it para seguir traballando con elas.

PASO 2. CLASIFICAMOS AS NOSAS IDEAS

- » Preparade 3 folios e poñede neles cadanseu título: "Convivencia", "Dinamización" e "Estudos".
- » Pegade en cada folio os post-it conforme a súa temática.

PASO 3. PRIORIZAMOS AS NECESIDADES

- » Tede en conta estes dous criterios para cada necesidade:
 - » **Algún compañeiro ou compañeira está sufrindo por esta situación?** Se a resposta é positiva, é prioritario dar resposta a esta necesidade.
 - » **Cantas compañeiras e compañeiros pensades que puideran beneficiarse se decidisedes dar resposta e esta necesidade?** Se o malestar que provoca nos vosos compañeiros e compañeiras avaliádelo como similar, tomade en conta este segundo criterio para decidir que necesidade é máis prioritaria.
- » Ordeade en cada folio as necesidades (de máis a menos prioritaria).
- » Escollemos a necesidade prioritaria de cada grupo e deixamos as demais apuntadas para ir dándolles respostas durante o curso.

PASO 4. PROFUNDIZAMOS NAS NECESIDADES PRIORITARIAS

- » Dividide o encerado en 3 grandes columnas, cada unha para cada necesidade de cada grupo identificada como prioritaria.
- » En cada columna, apuntade que actividades podedes poñer en marcha no centro para dar resposta a esas necesidades.
- » Podedes decidir entre sacar unha foto do encerado ou ir apuntando as actividades en folios para cada unha das necesidades prioritarias.

CREANDO REDE DE AXUDA. FASE 2. CREAMOS EQUIPOS DE TRABAJO

- » Cada persoa que forma parte da RAS escolle a necesidade na que lle gustaría traballar.
- » Chegade a un consenso. É moi importante que cada persoa reflexione sobre en que actividade pensa que podería axudar máis para tomar a súa decisión.
- » A elección só será temporal, ata que chegedes á fase de elección da primeira actividade a implementar no centro. Pronto volveredes traballar todos e todas xuntas.
- » Cada equipo de traballo escolle a actividade que pensa pode dar mellor resposta á necesidade.

CREANDO REDE DE AXUDA. FASE 3. ANÁLISE DAFO

PASO 1. IDENTIFICAMOS AS NOSAS FORTALEZAS

- » Cada integrante de cada equipo di as fortalezas que ten para dar resposta a esa necesidade mediante a actividade que escollestes.
- » Ides apuntando estas fortalezas na cuadrícula de fortalezas da Dinámica DAFO.

PASO 2. IDENTIFICAMOS AS NOSAS DEBILIDADES

- » Identificade as necesidades para as que non vedes que podades dar resposta.
- » Apuntade estas debilidades na cuadrícula correspondente de Debilidades da Dinámica DAFO.

PASO 3. IDENTIFICAMOS AS AMEZAS

- » Que pensades que puidera pasar que complicase a situación?
- » Apuntade estas ameazas na súa cuadrícula de Ameazas da Dinámica DAFO.

PASO 4. IDENTIFICAMOS OPORTUNIDADES

- » Pensade en compañeiras, en compañeiros e nas súas fortalezas; tamén pensade no profesorado, no centro, no equipo directivo, na ANPA... Que oportunidades vedes na vosa contorna que vos axuden superar as debilidades que atopástedes?
- » Apuntade estas oportunidades na súa cuadrícula da DAFO.

CREANDO REDE DE AXUDA. FASE 4. PLANIFICAMOS A PARTIRES DA ANÁLISE DAFO

PASO 1. RELACIONAMOS USANDO FRASES

- » Cada grupo, para cada debilidade e para cada ameaza debe buscar as fortalezas e oportunidades que pode utilizar para superalas.
- » Exemplo: "Para superar a ameaza de que non queiran participar temos a fortaleza de que contamos coa súa confianza", "Para superar a debilidade de non ter práctica en axuda para a resolución de conflitos contamos coa oportunidade de contar no centro cun equipo de Mediación especializado".
- » Subliñade na vosa cuadrícula DAFO as debilidades e ameazas para as que xa tedes resposta.

PASO 2. IDENTIFICAMOS AS DIFICULTADES

- » Cada grupo identifica na cuadrícula DAFO as ameazas e debilidades para as que non atopou resposta.

PASO 3. POSTA EN COMÚN EN GRAN GRUPO

- » Cada equipo pon en común as súas conclusións.
- » Os demais equipos ofrecen axuda.
- » Pode ofrecernos algo o centro? E os nosos compañeiros e compañeiras? Algunha asociación? O concello?

DINAMIZANDO O CENTRO. FASE 1. ELIXIMOS ACTIVIDADE

PASO 1. RETOMAMOS OS EQUIPOS

- » Dentro de cada equipo, preparade unha presentación de non máis de 5 minutos que vos serva para defender que a vosa actividade sexa a primeira en implementarse no centro.
- » Tede en conta os criterios de priorización.

PASO 2. EXPOSICIÓN EN GRAN GRUPO

- » Cada equipo expón as súas razóns e motivos para aos demais.

PASO 3. VOTACIÓN

- » Todas e todos votades, de forma motivada e individual que actividade debera poñerse en marcha en primeiro lugar.
- » Debedes ser quen de ser obxectivos e neutrais, decidindo en base ós criterios de priorización.

PASO 4. EXPOSICIÓN POLO MIÚDO

- » O equipo que desenvolveu a necesidade ata a actividade para darlle resposta explica polo miúdo ás demais persoas os pasos que foron dando de forma detallada.

PASO 5. CHOIVA DE IDEAS EN GRAN GRUPO

- » Ocorreselles aos demais algo que poidan achegar para mellorar?

DINAMIZANDO O CENTRO. FASE 2. REPARTIMOS TAREFAS CONCRETAS

PASO 1. DIVIDIMOS EN TAREFAS

- » Divide a actividade en tarefas máis pequenas
- » **Exemplo: Organizar un campionato:** Organizar os equipos de traballo | Conseguir o permiso | Conseguir onde facelo | Conseguir o material necesario | Facer publicidade | Apuntar aos equipos | Decidir e encargar os premios | Facer os cruces dos partidos.

PASO 2. ELIXIMOS TAREFA

- » Cada integrante da RAS, reflexionando sobre as súas fortalezas, escolle a actividade na que pensa que puidera ser máis útil.
- » Chegade a un consenso para formar os equipos de traballo, pensade que se algúnha actividade concreta queda sen resposta, complicaríase o desenvolvemento da actividade na súa totalidade.

DINAMIZANDO O CENTRO. FASE 3. PLANIFICAMOS A IMPLEMENTACIÓN DA ACTIVIDADE

PASO 1. UN EQUIPO, UNHA ACTIVIDADE

- » Cada tarefa ten unha meta e unha serie de obxectivos a cumprir para alcanzala.
- » Tedes que conceptualizar tanto a meta coma os obxectivos e apuntalos.
- » **Exemplo: Organizar un campionato. Acadar o permiso de dirección:**
 - » **Meta: Presentar á dirección do centro unha proposta moi atractiva.**
 - » Obxectivo 1: Decidir os apartados que terá a proposta que presentaremos á dirección.
 - » Obxectivo 2: Comprobar que os datos que nos ofrecen os demais equipos son os necesarios.
 - » Obxectivo 3: Distribuír as tarefas.
 - » Obxectivo 4: Recoller os datos.
 - » Obxectivo 5: Realizar cada persoa a súa parte.
 - » Obxectivo 6: Integrar todo nunha proposta.
 - » Obxectivo 7: Facer a proposta atractiva.
- » Apuntade en cada obxectivo se precisades dos demais equipos para poder alcanzalo.

PASO 2. EXPOSICIÓN EN GRAN GRUPO

- » Compartide tarefa, meta e obxectivos cos demais equipos, de forma ordeada:
 - » O primeiro equipo que sae sempre é o de "Organizar os equipos de traballo", os demais van saíndo seguindo a orde que este equipo ten marcada.
- » Estades todas e todos de acordo?
- » Tedes algunha achega?
 - » No noso exemplo, unha achega sería "A dirección prefere os campionatos mixtos, se conseguimos que se apunten mozos e mozas, a proposta será moito máis atractiva".

DINAMIZANDO O CENTRO. IMAXINADE CO NOSO EXEMPLO...

NO NOSO EXEMPLO... FACER UN CAMPIONATO

- ★ Podemos facelo nos recreos na sala multiusos.
- ★ Xa sabemos que materiais necesitamos e onde conseguilos.
- ★ Temos a publicidade deseñada.
- ★ Sabemos os equipos que se van anotar (son 50 mozas e 47 mozos).
- ★ Iremos regalar un lote de material informático ó equipo gañador (ANPA e concello subvencionan).
- ★ Xa te fixemos os cruces dos partidos e xa sabemos canto vai durar o campionato.

XA PODEMOS FACER A PROPOSTA

- ★ No noso exemplo: "Acadar o permiso para facelo"
- ★ O equipo xa o ten todo preparado, só lle faltaban os datos dos demais equipos.
- ★ Podería mellorarse algo para facer máis atractiva a proposta?
- ★ O equipo colle os datos, presenta a proposta á dirección e comunica o resultado:

PROPOSTA ACEPTADA!

DINAMIZANDO O CENTRO. FASE 4. IMPLEMENTAMOS A ACTIVIDADE NO CENTRO

PASO 1. DIVIDIMOS AS TAREFAS

- » Que persoas serán encargadas de material, de coidar o espazo no que se desenvolverá a actividade, de coordinar ás persoas que participades, de seguir a actividade... (todo o necesario).

PASO 2. IMPLEMENTAMOS A ACTIVIDADE

- » Comunicamos o seu comezo.
- » Publicamos horarios e toda a información necesaria.
- » Preparamos todo que necesitamos.
- » ...
- » Comezamos!

DINAMIZANDO O CENTRO. FASE 5. FACEMOS O SEGUIMENTO DA ACTIVIDADE

Durante o transcurso da actividade, realizar reunións para poñer en común aspectos como:

- » Como está a transcourir a actividade?
- » Está a pasar algo co que non contabamos?
- » Que podemos facer para mellorar?

DINAMIZANDO O CENTRO. FASE 6. AVALIAMOS O PROCESO E O RESULTADO

- » Reflexionade sobre como foi cada fase da actividade.
- » Que decisións foron acertadas?
- » Que dificultades apareceron?
- » Que consellos vos dariades para a vindeira vez?
- » Que lles pareceu a actividade ás persoas que participaron?
- » Acadastes con esta actividade dar resposta á necesidade? En que podedes observalo?